

PRIMA 25

5/6/7
XUÑO



Benquerida/o comerciante e prezado/a amigo/a,

Póñoome en contacto con vostede para informalo/a de que do 2 ao 7 de xuño de 2025 terá lugar unha nova edición da campaña de potenciación do comercio local “Eu Merco Aquí”, que a cidadanía acolle con grande interese desde a súa primeira edición de 2020.

O seu fito principal é a festa do comercio local **PRIMA25**, que se vai celebrar os días 5, 6 e 7 de xuño. Nesas xornadas, os comercios poderán sacar á rúa os seus produtos mediante a colocación de postos diante das súas fachadas, evitando que se entorpeza a entrada ás vivendas ou o tránsito peonil.

O Concello de Santiago de Compostela, a través do **Departamento de Comercio**, organiza para esas datas un amplo programa de dinamización, co obxectivo de facer máis atractivas as nosas rúas e potenciar o comercio local. Ademais de concertos e ruadas, contaremos cunha gran festa infantil e mesmo cunha mostra de ourivería ao vivo.

Non faltarán no **PRIMA25** a ruleta de agasallos directos “Eu Merco Aquí”, que estará instalada na Praza Roxa o venres 6, e no Toural o sábado 7. Nela poden participar todas as persoas maiores de 16 anos que presenten un ticket de compra do comercio de Santiago de importe igual ou superior a 5 euros, realizada entre o 2 e o 7 de xuño de 2025. Os termos para participar na ruleta estarán expostos ao público no mesmo espazo.

Como todos os anos, o Concello distribuirá bolsas coa imaxe da campaña #EuMercoAquí, que se entregarán de balde ao comercio local a través das asociacións de comerciantes da cidade. Para contar con este agasallo debe dirixirse a calquera delas: CCA Comercio Punto Compostela, CCA Compostela Monumental, Asociación En Rede, Ourives de Compostela, Asociación Somos Hórreo, Asociación de Comerciantes do Barrio de San Pedro e Asociación de Comerciantes de Área Central. Así mesmo, repartirase de forma presencial un cartel, folletos coa programación de actividades de animación da festa e un elemento decorativo.

Desde o departamento de Comercio, agradecemos a súa colaboración na difusión desta celebración facilitándolle esta información á súa clientela, colocando o cartel e a andavía no seu escaparate, e mesmo adornando o seu establecemento, con total liberdade creativa, para así lograr unha imaxe de conxunto da festa.

Agradezo sinceramente a súa participación. Ten ao seu dispor a programación completa de **PRIMA25** e demais información sobre a campaña #EuMercoAquí na web www.comerciolocalsantiago.gal

Agardando que a iniciativa sexa un éxito e moi proveitosa para todo o tecido comercial, reciba un cordial saúdo.

María Rozas Pérez
Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais,
Promoción Económica e Xuventude

A festa do comercio local